

## Programa de Prevención da Conduta Suicida

O suicidio é un problema de saúde pública de primeira orde. No noso país, supón a primeira causa de morte non natural entre a poboación xeral, sendo o duplo que os accidentes de tránsito e constitúe a primeira causa de morte non natural na idade temperá (entre 15 e 29 anos).

A idade temperá é considerada un factor de risco individual para a conduta suicida. Tanto a ideación como a conduta suicida son problemas frecuentes na xente moza. Evidénciase a necesidade de implementar estratexias de detección precoz e intervención sobre a conduta suicida no ámbito educativo, lugar privilexiado para acceder a esta poboación.

Existe un consenso sobre a adecuación de usar instrumentos de screening de risco suicida como parte da prevención desta conduta na idade temperá. As intervencións centradas en favorecer condutas de procura de axuda facilitan a derivación e atención precoz a persoas en risco. Ademais as intervencións centradas en crear escolas saudábeis poden contribuir á prevención do suicidio, mellorando factores como a resiliencia, as habilidades de adaptación e de inclusión social, que supoñen factores protectores da conduta suicida.

## MÁS INFORMACIÓN



FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL



Rúa do Muíño Novo 1 - 3A  
Laxe  
36613 Vilagarcía de Arousa  
Pontevedra

¡CONTACTA!



T. 986 50 25 71



chavea@lar.org.es



@larprosaludmental



larprosaludmental.com

Subvencionado por:



PROGRAMA VI-DA:  
vixilantes de axuda

## PREVENCIÓN DA CONDUTA SUICIDA EN RESIDENCIAS DE ESTUDANTES



Do 30 de setembro ao 15 de decembro de 2022

Organiza:



FUNDACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL

Subvencionado por:



## Obxectivos

### Obxectivo Xeral:

**Mellorar a prevención e detección de depresión e conduta autolítica en adolescentes e adultos mozos.**

### Obxectivos específicos:

- Proporcionar coñecementos sobre a depresión e a conduta autolítica
- Proporcionar coñecementos e contribuir na redución dos factores de risco ou vulnerabilidade modificábeis en depresión e autolisis
- Identificar persoas en risco, a través da aplicación do test de screening
- Mellorar compoñentes de intelixencia emocional: percepción, facilitación, comprensión e regulación emocional
- Fomentar os participantes nas habilidades de gatekeepers
- Favorecer espazos de axuda, a través da creación dunha Aula de Escoita

## Participantes

Este programa está dirixido a todas as **residencias de estudantes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## Inscrición

Prazo de inscrición do **01/09/22 ao 30/09/22.**

Enviar solicitude con nome, apelidos, DNI e correo electrónico a [chavea@lar.org.es](mailto:chavea@lar.org.es)

## Contidos

PSICOEDUCACIÓN SOBRE DEPRESIÓN E CONDUCTA AUTOLÍTICA

SCREENING DE DEPRESIÓN E CONDUCTA AUTOLÍTICA

ADESTRAMENTO EN GATEKEEPERS - AULA DE ESCOITA

## Metodoloxía

Os contidos do Programa impartiranse en dúas fases:

### Fase 1: Psicoeducación e Screening

10-10-22 A Coruña | 17-10-22 Pontevedra | 24-10-22 Lugo | 28-10-22 Ourense

*\*Ubicación por concretar\**

- ▶ Xornada presencial de 6 h repartida en dúas sesións en cada provincia
- ▶ Sesións online a través da plataforma web de LAR
- ▶ Avaliación mediante un cuestionario de coñecementos

### Fase 2: Gatekeepers

8-11-22 A Coruña | 15-11-22 Pontevedra | 22-11-22 Lugo | 29-11-22 Ourense

*\*Ubicación por concretar\**

- ▶ Xornada presencial de 5 h, en cada provincia
- ▶ Avaliación mediante un cuestionario de coñecementos
- ▶ Creación dunha Aula de Escoita

Mediante medios audiovisuais favorecerase o desenvolvemento dos contidos.

Realizaranse titorías para resolver as posíbeis dúbidas a través do correo electrónico de LAR.

## Docentes

### Amelia Varela Artusio

Psicóloga clínica e directora de Fundación Lar Pro Salud Mental

### Miguel Ángel Miguélez Silva

FEA Psiquiatría no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (SERGAS)

### Ana Martínez Pereira

Psicóloga e directora no Centro Terapéutico de Menores CHAVEA

### José Francisco Santiago López

Psicólogo clínico no Centro Terapéutico de Menores CHAVEA

### Alejandra Boullón Gómez

Psicóloga clínica no Centro Terapéutico de Menores CHAVEA

